



# a CURUXA

Revista do colexio d. Bosco (salesianas-Vigo)

xuño 2005 n.º 2

Colegio  
**D. Bosco**  
- salesianas -





# A CURUXA

Revista do colexio d. bosco (salesianas-vigo)

Rúa Estrada, 5 - 36209 VIGO - Teléf.: 986 231 149

xuño 2005

n.º 2

**EDITA:**  
Colegio Don Bosco

**COORDINA:**  
Grupo de trabajo de "A Curuxa"  
*Belen, Fernando,  
Dolores Botana y Natalia*

**COLABORAN:**  
Consuelo Martínez  
Mestras de Educación Infantil  
Alumnos/as 5 años  
Laura Fernández  
Alumnos/as 6º primaria  
Belén Tizón  
Alumnos/as 1º E.S.O.  
Alumnos/as 5º primaria  
Grupo de trabajo "Días de..."  
Javi, María, Xosé Ramón e Cristina  
Alumnos/as 4º E.S.O.  
Alumnos/as 3º E.S.O.  
Alumnos/as 2º E.S.O.  
María Besada

**AGRADECIMIENTOS:**  
Entidades Colaboradoras  
Juliana Herrero  
ANPA  
Agustín Fernández Paz  
Francisco Castro  
Alberto Coto  
María Besada

**DESEÑO, MAQUETACIÓN  
E IMPRESIÓN:**  
Imprenta RIBALDE



## sumario

saludo da directora .....	3
farmouse o belén!	5
¡son un artista!	6
obraelos con país .....	7
novas tecnoloxías.....	8
grupo gesto.....	9
do cómic á lectura....	11
vistaron o cole .....	13
recuncho de lectura.....	16
excursión primaría.....	19
días de... .....	20
excursións de e.s.o.....	22
día da familia .....	24
letras galegas .....	27
escola de país.....	29
as nosas fotos .....	31



COLABORA:



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

# O meu colexio, unha parábola

**Q**ueridos amigos lectores:

Con gran alegria preséntovos o número dous da revista do noso colexio: "A CURUXA". Estou segura de que todos vós sabedes o que é unha PARÁBOLA. Os entendidos din que unha parábola é unha narración que, con símbolos e comparacións, cóntanos algo importante para a nosa vida.

Pois ben, eu quixera contarvos unha parábola, narrarvos sinxelamente algo do moito vivido no colexio ao longo deste curso que xa toca á súa fin. Por iso tituleino: "OMEU COLEXIO, UNHA PARÁBOLA": Comezo a narración:

Eran os primeiros días de setembro; o colexio abrira as súas portas, comezaba o curso, ían chegando os alumnos de Educación Infantil; os de tres anos apenas podían soltarse das mans dos seus pais ou da dos avós, as bágoas facían a súa aparición e corrían polas meixelas dos más tímidos, menos mal que o acuario do comedor dos nenos un ano máis foi testemuña destas bágoas e íaos consolando cos seus peixes de cores. Aos nenos parecialesles estar soñando con Nemo; ao final todos sorrián.

Os de Educación Primaria chegaban con gañas de atoparse cos seus amigos, con libros novos e mochilas sobre rodas...

Uns días máis tarde chegaban os alumnos da ESO, os veteranos, os que pensan que xa o saben todo, aínda que algúns veñen con varios suspensos que terán que recuperar antes de pasar ao curso seguinte.

Engordiño vaise organizando todo e comezan as clases, os deberes, as actividades extraescolares, as festas, as excursións, as celebracións...

Todos celebramos un Nadal moi solidario coas nosas achegas á OPERACIÓN QUILLO, ñembrádello? A festa de D. Bosco fixonos vibrar dende pola mañá cunha Eucaristía moi solemne e un día cheo de xogos e cancións ao estilo salesiano.

.../...

.../...

*Visitáronnos ao longo do curso personaxes importantes do mundo do deporte, da literatura, da ciencia, das matemáticas.*

*Os alumnos maiores teñen as convivencias no cole e tamén fóra.*

*Celebramos o día da FAMILIA coa colaboración de todos: alumnos, pais e profesores...*

*Os alumnos de 4º ESO realizan a súa viaxe de estudos por terras de Castela e León e regresan contentísimos.*

*Vanse alternando momentos de patio e de xogo con horas de clase; momentos agradables con nervios de exames; así é a vida do colexio.*

*Os profesores seguen traballando no PROGRAMA DE CALIDADE e pasaron dúas auditorías. O colexio respira vida por todos os seus poros.*

*Un pouco desta vida é o que tes agora entre as mans, a revista "A CURUXA", coas súas fotos, cos seus textos...*

*Non se pode pechar a auga no oco da man, ¿verdade que non?, así, tampouco se pode pechar nesta revista toda a riqueza xurdida deste colexio ao longo do curso.*

*Non pases ás páxinas, párate nas miradas dos máis pequenos, descobre a riqueza dos textos, alégrate por todo o bo e positivo que realizamos no noso colexio. Todos e cada un de nós somos os protagonistas desta parábola.*

*Ogallá que esta revista siga sendo un medio importante de comunicación na Comunidade Educativa. Anímos a seguir colaborando con ilusión na realización de A CURUXA.*

*Co meu cordial saúdo.*

*Consuelo Martínez  
Directora do Colegio*

# ¡AÑAMOUSE O BELÉN!



Polas mestras  
de Educación Infantil

Este ano os nenos de infantil do colexio Don Bosco de Vigo quixemos celebrar o Nadal dunha forma especial. Presentámonos ó XXXIX concurso de Beléns organizado polo departamento de Obras Sociais de Caixanova, a Caixa de Aforros da nosa localidade.



O noso Belén titulábase "Nadal en Letrilandia" e foi realizado por completo polos nenos de infantil (3, 4 e 5 anos), ainda que as profes e Paloma axudaron un pouquiño a montalo.



As personaxes son os protagonistas do método de lectura que utilizamos para aprender a ler: O Rei "u" e a Raíña "a", a Princesa "i", o panadeiro "p". A señora "m" da montaña... co que ademais de celebrar o Nadal e pasalo ben, estabamos aprendendo.

O belén estivo exposto no colexio uns días e despóis o levamos ó Centro Social onde permaneceu dende o 25 de decembro ata o 6 de xaneiro, xunto co resto de beléns do concurso. Aínda que non recibimos ningún premio foi divertido traballar todos xuntos e despois, na época de vacacións de Nadal, ir cos nosos pais a dar un paseo polo centro da cidade e visitar a exposición de beléns.






Polas mestras  
de Educación Infantil

## FOMENTAR A CREATIVIDADE NA EDUCACIÓN INFANTIL

Dende a Educación Infantil somos conscientes da gran importancia que ten fomentar a creatividade nesta primeira etapa de escolarización, xa que logo, durante este curso tentamos desenvolver esta capacidade nos nosos nenos e nenas utilizando diferentes formas de expresión: pintura, teatro, baile, música, etc.

Esta é unha metodoloxía enormemente enriquecedora, tanto para as mestras, que ven como día a día os rapaces e rapazas melloran na súas habilidades, como para os nenos e nenas , os cales atopan neste tipo de actividades un vehículo de expresión e comunicación acorde aos seus intereses e motivacións.



a CURUXA





Polas mestras  
de Educación Infantil

As mestras de Educación Infantil queremos darvos as grazas polo alto grao de participación nos obradoiros programados no curso 2004-2005. Fostes moitos os que manifestastes dispoñibilidade para asistir (incluso algún avó animouse a gozar), polo que tal vez non puidemos dar cabida a todos; perdoádenos, pero non vos preocupedes porque o ano que vén...

### ¡¡¡AÍNDA HABERÁ MÁIS!!!




mesmo lle preocupa moito: o seu fillo ou a súa filla. Que o seu fillo non é o "mellor", nin o "peor"...

O mellor de todo son as boas relacóns que se forxan entre nais, pais e profesoras.

### ¡PAGA A PENA!

Unha vez más,  
graciñas.



Debedes saber que é moi importante na etapa Infantil que o neno ou nena sintan a presenza na clase da súa familia ou da familia dos compañeiros, que se relacione con outros adultos e que se dirixa a eles con naturalidade, sen temores. É por isto que o centro apostea por esta metodoloxía.

Tamén se pode dicir, dende o punto de vista das familias que é marabillosa a experiencia dos obradoiros. Todos manifestan que a súa colaboración lle produce satisfacción, que resulta interesante falar con outros pais e nais de algo que agora





Polos nenos de  
5 anos de Educación Infantil

Neste curso os nenos de cinco anos queremos contarvos o ben que o pasamos xogando no ordenador.

Todos os días xuntámonos en grupos e, cando a profesora nos chama, imos ao recuncho do ordenador. Alí temos moitos amiguiños: O coello lector, Pipo: O coello matemático e moitos más. Eles ensínannos a ler, a sumar, a restar... ensínannos música, xeografía,...e con eles tamén aprendemos a utilizar o rato e o teclado.

Algúns días baixamos á aula de informática, onde hai moitos ordenadores, para xogar e seguir aprendendo.

Como imos en grupos ao ordenador, tamén aprendemos a respectar as quendas, compartimos coñecementos e, se algo non nos sae, axudámonos os úns aos outros. O ordenador ensínanos a ser mellores compañeiros.



a CURUXA



Por Laura Fernández Costas

## OLA.

Os nenos e as nenas do grupo misioneiro "Gesto", querémosvos dicir o que facemos.

- Lemos con moito entusiasmo a nosa revista "Gesto".
- Facemos algunas actividades, como a das "estrelas do Nadal",
- Xuntanzas de formación ou de oración.
- Preparamos poesías para María Auxiliadora na súa novena.

E cremos que cambiamos para mellor; somos mellores compañeiros e compañeiras.

É dicir, que o grupo cambiounos a vida a mellor, porque temos presente o noso compromiso, que lemos no Regulamento do Grupo "Gesto" e que, deseguido, imos enumerar:

- Mirar aos demais con ollos de irmán.
- Coñecer, amar e falar de Xesús.
- Rezarlle todos os días a Deus, noso Pai, e á Virxe, por todos os nenos e nenas do mundo.
- Dicir sempre, igrazas!.



- Ser feliz no compartir.
- Servir aos demás con alegría.
- Pensar que eu son más necesario que os cartos
- Ser xeneroso/a, ainda que me custe.
- Buscar as soluciones ata atopalas..
- Pensar sempre "en nós".

**NO NOME DE TODO O GRUPO GESTO,  
ANÍMOVOS A TODOS A SER MISIONEIROS;  
A MELLORAR O MUNDO E A FACERVOS  
AMIGOS DA "REVISTA GESTO"**





# NovaMiñoca

## Administración de Fincas

Fotógrafo Angel LLanos, 3 - Entresuelo • 36209 VIGO

Teléfono: 986 247 524 • Fax: 986 214 399  
e-mail: enriquehermo@lycos.es

Centro de estudios  
**COIA**

Al servicio de los padres y el colegio

Avda. Castelao, 50 - 36209 VIGO  
Teléfono: 986 125 555 - e-mail: cecoia@mundo-r.com



Alumnos/as 6.º Primaria

## Do cómic á lectura, ¡que gran aventura!

Neste curso, na nosa clase de Lingua Española, comezamos a ler cómics. É moi divertido e tamén aprendes moitas cousas. Algunhas nenas e nenos pasaron da lectura ao debuxo e incluso inventaron personaxes e historietas.

Ademais de ler cómics, tamén nos interesamos por outras lecturas: lendas, poesías, libros de natureza, etc.

¡Que razón ten o profe cando di que a lectura é a mellor aventura!



# Autocares **IGLESIAS**

- Autocares y microbuses de lujo
- Con aire acondicionado y vídeo
- Transportes nacionales e internacionales
- Excursiones • Bodas • Despedidas
- Personal de empresa y colegios • Fábricas
- De 14 a 60 plazas



Rutas Turísticas  
Autopullmans  
de lujo con  
TV, baño,  
teléfono,  
butacas  
reclinables

Oficinas: Zaragoza, 24

**986 482 563 - 986 470 536**

Fax: 986 481 267

Móviles: **607 470 536 - 639 404 112**

# CARNICERIA **EL ROCIO**

Valentina Sesto Alvarez

Especialidad en  
Ternera  
Gallega



**C/. Rocio, 44 - 36208 VIGO**

# Librería **d.bosco** Vigo



C/. Venezuela, 5 • 36203 VIGO

Apartado 1.744

Teléfs.: 986 436 009 / 986 228 779

Fax: 986 433 277

CONFITERÍA  
PASTELERÍA

**igleper**

Venezuela, 17

Teléf.: 986 417 533  
**VIGO**

Salvatierra, 3

Teléf.: 986 293 648  
Polígono de Coya - **VIGO**



Por Belén Tizón e  
os/as alumnos/as 1.º E.S.O.

## COMO SER UN BO ESCRITOR

Belén Tizón

Ao longo deste curso tivemos a grata presenza de dous grandes escritores galegos: Agustín Fernández Paz e Francisco Castro. Cada un deles ten as súas manías para escribir, os seus hábitos, os seus temas, pero, con todo teñen tamén moitas similitudes. En ambas as dúas conversas puidemos constatar unha serie de trazos importantes para ser bos/as escritores/as.

Toda persoa que le crea mundos, e deses mundos creados sempre pode saír unha historia. Os mundos créanse na cabeza, principal instrumento dun escritor, un simple detalle do día a día serve de punto de partida dunha nova historia. Os escritores levan como "obxecto" de compañía un caderno, un caderno en branco que os acompaña na súa rutina diaria, pois, unha vez más, as obras literarias saen das cousas más banais que un poída imaxinar. Para que a partir desta insignificancia saia unha historia adóitase empregar técnicas narrativas. Entre elas Fernández Paz destaca a pregunta "¿que pasaría se....?" e a partir de aquí hai que intentar buscar unha resposta. O seguinte paso, xa más complicado, é escribir a historia. No proceso de redacción inflúen moitos factores: o momento no que se escribe, a fonte de inspiración, os ecos



doutros libros, etc. Tanto Fernández Paz, como Castro gostan de escribir pola mañá cedo ou pola noite cando o resto dos mortais estamos en brazos de Morfeo e o silencio crea palabras, historias. A fonte de inspiración coincide nos dous escritores -o día a día- pero cada un deles ten a súa propia rutina, polo que a inspiración en ambos os dous casos é diferente e, como consecuencia, os temas das súas obras varían. Fernández Paz gosta máis de escribir obras de misterio con final aberto. Vixaa con certas personaxes durante un tempo no libro e despois abandónaa para que o lector continúe imaxinando a historia. Por outra banda, Castro prefire temas da vida diaria na que inclúe datos autobiográficos. A. Fernández Paz engade normalmente versos e anacos doutras obras ao comezo dos seus libros. Durante o proceso de creación da obra e ao rematar de escribila, cada un deles ten as súas manías. F. Castro correixa e recorreixa os seus libros. Cada día antes de continuar co proceso de creación, le as tres últimas páxinas e volve escribillas. Cando non encontra un título apropiado a un libro, o cal lle produce certa inquedanza, recorre a outras persoas para que o axuden e lle suxiran un título. Hai unha excepción: o caso do seu



libro *Un bosque cheo de faias*. O título xurdiu a partir do nome dun dos campos de concentración nazis, *Buchenwald*, e este lugar tan representativo na novela deulle título ao libro traducíndo ao galego. Fernández Paz, ao acabar o libro, ás veces, dállo a ler a unha persoa amiga que resalte sinceramente o que non está ben.

Tras todo este proceso de amasado, fermentación e cocción saen as súas marabillosas obras que dende aquí recomendamos que leades. Tamén vos

recomendamos que visíteades as súas respectivas páxinas web para saber algo máis deles e esteadeos ao tanto das súas novedades:


[www.filix.org/ranholas/agustin\\_es.html](http://www.filix.org/ranholas/agustin_es.html)

[www.rioleteo.bitacoras.com](http://www.rioleteo.bitacoras.com)

No recuncho da lectura podedes ler algúns dos relatos de A. Fernández Paz e F. Castro que tan gratamente tiveron a ben obsequiarnos. Dende aquí vaia a noso máis sincero agradecemento.

## ENTREVISTA A ALBERTO COTO (18 DE MAIO DE 2005)

Os/as alumnos/as 1.<sup>º</sup> E.S.O.



O 18 de maio estivo no noso colexió Alberto Coto, a persoa máis rápida do mundo facendo cálculos mentais. Durante o tempo que durou a súa demostración logrou deixarnos abraiados a todos coas súas habilidades cos números. Esta é a entrevista que a xente de 1<sup>º</sup> da ESO lle fixemos.

### ¿A ti sempre che gustaron as matemáticas dende neno?

Si, aprendín xogando ás cartas. Cando eu era moi pequenijo, tiña seis anos, xa vía que aquilo servía para as partidas. Despois xoguei moito ao xadrez, que tamén ten moito que ver coas matemáticas. Foi entón cando o tema xa me pareceu bonito.

### ¿Que te decantou a dedicarte ás matemáticas?

Teño dúas razóns. A primeira é que teño unha habilidade especial para elas debido a que o traballei. Por ter esta habilidade, bater a marca Guinness ou quedar campión do mundo podo dedicarme a isto. A segunda razón é que sempre foi algo que me apaixonou. Gústanme moito os números e que mellor que dedicarte a algo que che gusta.



### ¿Traballas moito para que che saian ben e tan rápido os cálculos?

Como para todo na vida. Cando algo queres... algo dalgunha forma che custa e tes que traballalo para poder desenvolvelo. O que pasa é que eu traballo o cálculo mental a todas horas. Cando vou "enchufado" vou calculando, vou maquinando. Por exemplo, cando vou ao súper, mentres vou collendo os produtos, vou sumando.



## **¿Como conseguiches tal habilidade para as matemáticas?**

Traballándoo. Vendo o cálculo como algo moi bonito. Baixo o meu punto de vista, e creo que tamén obxectivamente, o cálculo é moi bonito. Cada número é un xoguete, e como hai infinitos números teñen infinitas posibilidades de xogo. Entón, a partir de aí... ia gozar con eles!

## **¿Cando a descubriches?**

Cando lle gañaba ao tute ao meu avó.

## **¿Canto tempo lle dedicas cada día ás matemáticas e ao cálculo?**

Digamos que é algo que vai aquí. Vai dentro da cabeza e entón cando conecto, practico, maquino, xogo cos números mentalmente. Canto desconecto, dedíceme a outras cousas.

## **¿Tes algún truco para facer tan rápido as operacións?**

Hai probas e probas. Para sumar a toda velocidade é necesario practicar e ter a habilidade de ler e sumar os números moi rápido. Facer raíces mentalmente sei pode ser traballable con algoritmos novos, buscar técnicas para facelo...



## **¿Fallaches algunha vez facendo unha operación?**

Moi poucas veces. Teño unha porcentaxe, dependendo da proba, en torno ao noventa e cinco ou noventa e seis por cento de acertos. Fallo moi pouco e na televisión en concreto, que é onde hai máis tensión, nunca fallei. Por unha razón, concéntrome moi ben. Cando estou tenso, estou concentrado e é moi difícil que falle. Podo fallar, pero é moi complicado.

## **¿Cal é a túa maior marca?**

Actualmente teño dúas Guinness. A primeira é por sumar a toda velocidade cen números do cero ao nove en dezanove segundos vintetres centésimas e a segunda foi por multiplicar mentalmente dous número de oito cifras. Esa téñoa en cincuenta e seis segundos.



## **¿Tes algún reto para o futuro?**

Pois, pode que teña algún reto. Aínda non é seguro, pero quizais intente unha Guinness de maneira oficial aquí en Galicia, no Parque Tecnolóxico de Ourense, pero aínda non é seguro. E, sobre todo, eu creo que en outubro irei á Olimpíada de Deportes Mentais que se celebra en Manchester todos os anos. Sería o meu reto.



## MEDITACIÓN ANTE O ÁLBUM DE FOTOS FAMILIAR *A. Fernández Paz*

Levabamos anos falando de remodelar a ala dereita do pazo, pero nunca nos dabamos decidido. Este outono comezamos as obras, logo de vencer múltiples resistencias familiares. De acordo cos novos planos, procedeuse ao derrube das vellas paredes interiores. Entre os tabiques de dous cuartos pequenos, nun oco habilmente disimulado, apareceu un esqueleto enteiro nun magnífico estado de conservación. Levaba alí máis de cincuenta anos, segundo acreditaron os informes do forense. Os informes explicaban tamén a causa da súa morte cunha meticulosidade innecesaria: o cráneo furado e a bala que apareceu na base da caveira eran testemuñas luminosas para calquera de nós.

Desde aquel día, contemplo o álbum coas vellas fotos familiares e trato de distinguir, entre tantos rostros que me miran hieráticos, cal é o que esconde nos ollos a mirada do asasino.



## SOBRE A ORIXE DAS GALAXIAS

*A. Fernández Paz*

Os cosmólogos sosteñen que primeiro foi o big-bang, e que despois o universo comezou a expandese a velocidades vertiginosas, mentres as partículas elementais iniciaban as súas múltiples unións. E afirman tamén que as galaxias que se afastan unhas doutras a través dun espazo cósmico sorprendentemente plano, non son más que os grumos procedentes da gran explosión primixenia.

Niso pensaba eu mentres o leite saía a borbollóns fóra do cazo e se dividía logo en enormes pingas redondeadas que esvaraban veloces pola superficie da cociña de ferro. Pero miña nai entrou berrando: "¡Que se vai o leite, pasmón!", e deume unha labazada por non quitar a tempo o cazo do lume. Sempre, meditei con tristeza, atopou atrancos insalvables a investigación científica neste país.



a CURUXA

# TERRAMÁN, BICOLAMA, HELIOFROITA E BIBLIOFIESTRA

(HISTORIA ALGO TRAXICÓMICA  
PARA UN POETA ALGO PATÉTICOTRISTE)

**Francisco Castro**

Para Heitor Mera.  
E para todos os alumnos  
do Colexio Don Bosco.

Traballo é miseria. Reloxo é dabondo.  
Tristura é exceso. Melancolia é fervenza.  
Rutina é círculo. Preguiza é normalidade.  
Astenia.

Onte inaugurei a miña soildade.  
Marchaches. E ben que me  
avisaron: non serás capaz de  
retela contigo só con  
palabras e palabras,  
terás que darrle algo  
máis, de feito, moito  
máis. É unha muller  
grande. É un amor  
poderoso. Palabras non  
abondan. Mais  
non o entendo.  
Antes  
gustábanche.  
Moito. As miñas  
palabras. Dicíasme  
gusto de como falas,  
chégame coas túas  
verbas. Mais xa non. E  
onte marchaches para  
sempre.

Recordo é tortura. Recendo é  
estrume. Lembranzas dunha paixón que sei  
que non ha volver.

Marchaches e dixeches poeta aí te  
quedas. Colliches a porta ao berro libertario  
de cómete as palabras con patacas se che  
presta. Saíches escaleiras abaixo  
recendendo a liberdade e a primavera e a  
dicionario, para sempre, pechado.

Palabras son patrimonio. Pensamentos  
son hábito. Non sei quererte doutro xeito, só  
sei cuspir vocábulos sílabas fonemas  
semántica confusa e prescindible.

Desde a fiesta vin como subías nun taxi  
que me pareceu gris, azul esbrancuxado e  
acromático (¿ves que palabras más bonitas  
se me ocorren pensando en ti?), un taxi triste  
coma todo o que eu era para ti, unha pena  
tópica disfrazada de poeta. Dixeches para  
que che serve falar tan ben se sabes amar  
tan mal, para que tes as palabras se non  
consegues ter á vida da túa parte, para que,  
para que.

Para que é pregunta sen  
resposta. Explícame é  
pregaria fracasada.  
Enténdeme é  
proyecto  
malogrado antes  
de nacer.

Eras a miña  
musa. Ti  
sentabas a  
tocar o piano  
na terraza e  
eu prendía o  
ordenador  
portátil e  
escribía,  
escribíache  
palabras que eran  
dabondo para ti,  
dicías daquela, pero xa  
non, agora xa non. Xa non  
quieres ser a miña musa.

Informaches mañá virán os da mudanza a  
polo piano, o resto, queda con todo, cos  
mobles, coa hipoteca e coas facturas. E  
engadiches, letal: e sobre todo queda coa  
poesía. Todiña para ti.

Pentagramas é anacronía, diapasón é  
debilitamento, canción é vergonza. Teclado é  
silencio. Piano é mudez.



Entendín que marchabas para sempre, e foi por iso que fixen o que fixen, cando entrei naquel bar e comecei a declamar. Pensaron está borracho, dixeron pobre home, berraron cala imbécil que non nos deixas oír o partido, e eu comecei a largar, eu son o inventor das palabras, o señor das semánticas, o rei da luz dos termos más ocultos, e recito isto para ti, amadísima. Escondíaste detrás daquela amiga tan loura e tan estúpida, aquela que che dixo, non te enlees cun poeta, non te mestures cun vate. Abrín os brazos e subín nunha mesa, e berrei, eu invento palabras para ti, mira esta, terramán, man de terra, man de verdade, coma ti c a n d o m e inspiras, cando pos o disfraz de musa para min, e levantácheste e dixéchesme cala parvo cala, cala que estás facendo o ridículo, e segúin c o m e u espectáculo inmenso e feliz, mira que palabras inventei para ti, miña señor, terramán e

bicolama, refírese aos teus beizos enlamados de auga e desespero húmido, cando me tocas no piano cancións de amor que non son capaz de maxinar más fermosas, dixeches cala charramangueiro cala, e eu díxenche, non marches, espera, e a xente berraba cala imbécil que está xogando o Celta e queremos oír o partido, e eu retruqueilles, ignorantes, escuros, calade, ingratos, e deixádeme inventar palabras para ela, para quen, preguntou un home mentres se erguía coa face leonina asasina homicida, para quen inventas ti palabras, para aquela, escoite, escoita, escoitade, terramán,



bicolama, heliofroita, é dicir, as mazás dos teus ollos, quentes coma o sol, doces coma as pavías no verán, mira, como non cales, dixo outro que tamén se ergueu coa face leonina asasina homicida farta cansa impaciente, como non cales heiche facer comer todas esas palabras pero antes comes os dentes, e eu non lle atendía, e ti xa saías pola porta coa amiga aquela tan loura e tan doméstica e tan civilizada que che recomendara non enlearte cun poeta inventor de palabras, e eu aínda puiden berrrar a derradeira, desde o chan, porque aqueles dous ( xa ninguén atendía ao partido, a pesares de que o Celta viña de marcar outro gol ), botáronse me enriba con puños leoninos asasinios homicidas fartos cansos impacientes durísimos, percutindo contra os meus dentes

mentres eu berraba a palabra derradeira para ti, terramán, bicolama, heliofroita e bibliofiesta, porque iso eras ti, pero xa non me oías, xa subiras nun taxi, escandalizada e vermella, iso eras ti, unha ventá máxica, unha fiesta transparente e límpida un corazón de cristal a través do cal se me aparecían as palabras todas para escribir fermosos libros de poemas, que hei facer sen ti, musa, que hei facer.

Hospital é asepsia. Analxésicos é alivio. Sutura é reparación. Poema é Everest sen osíxeno. A vida sen ti non é vida. Que forte me deron aqueles dous.



Alumnos/as 5.º Primaria

## GRANXA ESCOLA KIRIKO

Ola amigos!

Querémosvos contar o ben que o pasamos o día de M<sup>a</sup> Auxiliadora na granxa escola Kiriko, que está lonxe de aquí , en Fornelos de Montes, na serra do Suído e está toda bordeada polo río Oitavén. Fomos todos os de Primaria do colexio, e foi moi divertido porque fixemos moitas actividades diferentes.

Percorremos toda a granxa, vendo os animais, os prados, o muíño, o invernadoiro, os estanques, bosques... todo era tan grande!

Os más pequenos fixeron xogos, talleres de herbas aromáticas e recoñecemento de plantas.

Os do segundo ciclo tamén tiveron un taller con follas para facer un marcapáxinas, estudaron as plantas nos bancais e no invernadoiro, os animais e moitas cousas más.

Nós, como somos os maiores de primaria fixemos unha ruta de sendeirismo polo monte, ata un outeiro, para estudar o contorno coas árbores e plantas autóctonas, foi moi interesante. Despois do xantar tamén fomos ver os animais, démoslles de comer e seguimos un regato a través dun bosque ata chegar ao muíño que está a carón do río.

Pasamos un día estupendo!



# días de ...



Grupo de traballo do “Días de...”


Hai unha serie de datas no ano que pretenden chamar a nosa atención. Son datas nas que lembramos, de certa maneira, que no noso mundo temos unha serie de “asuntos pendentes” ou que existen certos elementos na cultura que hai que coidar. Eses son os que chamamos “días de...”. Días para lembrar todos estes asuntos, para non esquecer que áinda é preciso solucionar algunha que outra cousa e fixar a atención no que nos rodea.

Este ano no colexio celebramos, conmemoramos, catro destes días: o Magosto, o Día da Paz, o da Muller Traballadora e o Día do Libro. Xa vedes, dúas xornadas un tanto culturais e outras dúas más reivindicativas.

Para organizar estas xornadas o colexio conta cun equipo de persoas que busca e elabora materiais que fornecerles aos profesores e traballar nas aulas, organiza actividades ou ambienta o colexio.

Comecemos polo Magosto. Trátase dunha festa ben nosa coa que celebramos a entrada do outono. O colexio estivo adornado con algunha que outra castaña, con follas secas, etc. E durante a semana, cada un, na súa clase foi facendo diversas actividades: uns móbiles, debuxos, redaccións... Todo para acabar o día 12 de novembro coa festa do magosto. Aí houbo castañas para todos (diso encargouse a nosa ANPA), refrescos e os xogos tradicionais que cada clase preparou.

Outra data foi o “Día da Paz”. Había que lembrar que “vivir en paz” é un dereito do que non todo o mundo goza e que ao noso redor hai moitísimas situacións nas que a paz está totalmente ausente. Así que durante unha semana estivemos traballando iso nas aulas, coñecendo un pouco máis sobre os “nenos-soldado” e os conflitos que hai no mundo. Entre todos, coas nosas fotografías, debuxamos unha gran pomba que se presentou nun acto no que participou todo o colexio e no que cada clase leu un manifesto a favor da paz.



O oito de marzo é o Día da Muller Traballadora, no que reflexionamos sobre o longo camiño que as mulleres tiveron (e aínda teñen) que percorrer para ver recoñecidos os seus dereitos. Nos “Bos días” ou nas clases miramos casos nos que a muller non tiña nin ten (aínda hoxe) o lugar que lle corresponde na nosa sociedade. A xente da ESO tamén viu a película Quero ser coma Beckam, que trata dos prexuízos que áinda hoxe existen sobre as mulleres.



# a CURUXA

O último dos “días de...” foi o Día do Libro, o vintetres de abril. Presidiu o noso colexio un enorme cartel de Don Quixote e o lema escolido foi “a lectura, a mellor aventura”. A actividade que pechou esta semana foi un “mercado de libros” no que pudemos intercambiar algúns exemplares cos nosos compañeiros e compañeiras para espallar entre nós o “vicio” da lectura.



O máis importante destas datas é que nos decatemos de que ao noso redor hai xente, situacións, elementos que merecen más atención da que normalmente lles damos. E, loxicamente, todo o que reflexionamos e traballamos non pode quedar nunha soa data, ten que servir para todos os días do calendario.



# excursións da E.S.O.



Alumnos/as 4.º ESO  
e Belén Tizón



## A EXCURSIÓN DE FIN DE CURSO

Os alumnos de cuarto de ESO, áinda que non todos, fomos de excusión de fin de curso ao longo de cinco días (do 9 ao 13 de maio). Visitamos León, Zamora, Miranda do Douro, Salamanca, Madrid e Segovia. No transcurso da viaxe podiamos ver catedrais, monumentos, museos e.....o Parque de Atraccións de Madrid!. Acompañounos outro colexio da Estrada co que nos familiarizamos moi pronto. En poucos días encariñámonos con todos eles. Tamén nos acompañaron tres monitores que nos guiaron durante a excusión e animaron moitas das noites con xogos.

Durmimos en Zamora as tres primeiras noites, no albergue “Doña Urraca”, onde o ambiente foi moi bo. A última noite estivemos noutro albergue, en San Rafael que semellaba “a casa do terror”.

O venres día 13, despois de xantar en Segovia iniciámolo regreso. No autobús houbo momentos moi tristes, moitos choros pois dábanos moita pena ter que separarnos. Estamos ansiosos por voltar xuntarnos de novo en breve.



a CURUXA

## VIAXE A "LIMÉNS"

O día 24 de maio é un día moi importante no noso colexio pois festexamos o día de María Auxiliadora, asimesmo ao longo desta semana, do 21 ao 27 de maio, celebramos a "Semana da Gratitud". Tendo en conta estes dous motivos tan importantes decidimos festexar o día 24 de maio cunha viaxe.

A primeria hora da mañá tivemos unha Eucaristía e ao rematar partimos cara o peirao para coller o barco con destino a Cangas. Ao chegar ao peirao, iniciámolo roteiro que nos levaría ate a praia de Liméns, o noso destino final. Durante todo o roteiro nos acompañou o bo tempo, a alegria e a incomparable paisaxe da ría e as Illas Cíes.

Nada máis chegar, o noso estómago pedía víveres. Tras repostar iniciamos xogos diversos na praia. O problema chegou cando tivemos que iniciar o regreso para coller o barco de volta. A preguiza invadiunos, e a camiñada de volta foi un pouco máis custosa que a de ida.

Retornamos no barco e chegamos ao colexio torrados polo sol, cansos, pero coa sensación de ter pasado un día de festa moi agradable.



# dia da familia



Alumnos/as 3.º ESO



## O DÍA DA FAMILIA

Poderíamos comezar este artigo cunha pregunta aparentemente moi sinxela: ¿Que é a familia? Segundo o dicionario é: "Conxunto de persoas do mesmo sangue que vive baixo o mesmo teito".

Podemos pensar que ese é o significado completo, pero non é de todo así. Unha familia abrangue sentimentos, complicitade, afán de superación... a palabra Familia ten unha pluridimensionalidade semántica da que sería imposible recoller aquí, en xuntas verbas, todas e cada unha das connotacións relacionadas co núcleo fundamental da nosa convivencia.

Mais, do que si estamos seguros, é da importancia que este egrexio vocablo ten nas nosas vidas, polo que xa hai algúns anos o colexio decidiu aunar nunha única festividá os días do pai e da nai. Foi así como naceu O DÍA DA FAMILIA.

Impronta deste colexio, O Día da Familia serve para alicerçar as relacións entre os diferentes segmentos da rede social que é o noso querido colexio don Bosco. Todos caemos na parolada neste ambiente tan agradable que se crea, case sempre, baixo unha mesma estrutura organizativa.



Comezamos cediño coa Eucaristía celebrada na igrexa parroquial de Coia. Este ano a liturxia estivo a cargo dunha das sorpresas neste ano escolar: o Padre Javier. Cheo de vitalidade, e coa forza dunha persoa que, coma nós, ten o ímpeto da xuventude tan querida e reivindicada por don Bosco, Javier captou a atención de todos os presentes contaxiado pola forza salitrosa desta nosa ría de Vigo.

Rematado o acto relixioso, esperábanos no colexio a manifestación do esforzo realizado polos nosos compañeiros ao longo do curso. Judo, baile galego, música tradicional e demais demostracións das habilidades más diversas dos nosos alumnos, aos que non lles podemos negar un empeño ben frutífero en todo o que se propoñen realizar.


O momento máis distendido da mañá chega co que en Galicia chamamos a "parva", que non é outra cousa que ese aperitivo que adoitamos tomar a media mañá e que tanto fai para manter as nosas enerxías. Entre risas, comentarios de todo tipo e un ambiente "familiar", que é do que se trata en definitiva, fomos facendo camiño, cara a unha relación máis estreita desta nosa familia salesiana, punta de iceberg deste sentimento afectivo tan intenso que é a convivencia de nós e que deriva no amor e o respecto como fachos de seguridade e acubillo.



a CURUXA



# DÍA DA FAMILIA



*Grazas por estar aí,  
por apoiaños en calquera momento,  
tanto nos malos coma nos bos.*

*Aínda que apenas vos diga que vos quero,  
nesta poesía oiredes todo o que sinto.*

*Aínda que teña quince anos e me faga maior,  
sempre precisarei un pouco do voso amor.*

*Aínda que ás veces discutamos e pasemos malos momentos  
nunca cambiarán estes sentimentos.*


*E a ti papá non te esquecerei,  
dentro da miña mente te atoparei.*

*E a vos irmanciños  
Aínda que discutamos e pelexemos,  
sempre haberá un sitio  
para lembrar os bos momentos pasados.*

*Agora xa está, que aínda imos chorar,  
e este día é para celebrar.*

*Quérovos familia, quérovos de verdade!*

# FRUTAS Y LEGUMBRES



JUAN ANTONIO MUIÑOS GARCÍA

C/. Salvatierra, 17 - 36209 VIGO  
Teléfono 986 236 456



ELECTRICIDAD REMESEIRO, S.L.

- REPARACIONES Y MANTENIMIENTOS ELÉCTRICOS
- INST. ELÉCTRICAS BT Y MT
- INST. TARIFA NOCTURNA
- ILUMINACIÓN
- TELEFONÍA, INTERFONÍA Y MEGAFONÍA
- REDES TELEFÓNICAS (Hom. )
- REDES INFORMÁTICAS

Vía Hispanidad, 61 - 1º Of. 7  
Teléfono: 986 419 266 - Fax: 986 418 932  
**36203 VIGO**

C/. Cando, 25 (Enfrente Mercado)  
Teléfono: 986 336 281  
**36400 PORRIÑO**



*Benito Abalo, S.L.*

## AUTOCARES

Avda. Doña Urraca, 22  
Telfs.: 986 540 101 - 986 540 039  
Fax: 986 540 039  
**36650 CALDAS DE REYES** (Pontevedra)

**CASA KANGURO**

¡¡Ya somos más grandes!!

**Inauguramos en JUNIO**

**K Servicio de canguro:**

- bebés (0-3)
- escolares (3-10)

**K Fiestas infantiles**

**K Cumpleaños con juegos organizados y animación**  
(Pecosa, Pinky, Pepa y Tomasa)

**K A domicilio:**

- comuniones
- cumpleaños
- fiestas escolares



**Avda. Castelao, 50 • Teléf.: 986 210 863 • VIGO**



Alumnas/os 2º de ESO

## O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Un ano máis no noso cole, como no resto dos colexios de Galicia, celebrouse o Día das Letras Galegas. Aínda que a chegada de tal efemérede nos parece de gran importancia en por si, o certo é que este ano co acompañamento dunha ponte tan longa a alegría foi, se cadra, maior.

O homenaxeado deste ano foi Lorenzo Varela e, aínda que nos últimos tempos houbo información abonda, non nos podemos conter á hora de falar un pouquiño sobre o aprendido na clase arredor da súa figura.

A través dos traballos que fomos facendo sobre o poeta de Monterroso, descubrimos cousas moi interesantes e que complementan os estudos de literatura e historia que estamos realizando.

Para comezar, ¿vós sabíades que non é o mesmo estar emigrado que estar exiliado? Nun principio parecíanos que ambos os dous termos constituían sinónimos, pero grazas á historia de Varela sabemos que os emigrados son aqueles que saen dun país buscando prosperidade sen ningún tipo de presión que os coaccine más alá da conjuntura económica, evidentemente e o exiliado é aquel que sae do seu país de orixe fuxindo dunha realidade negativa mesmo para a súa

integridade física, a súa liberdade ou a súa vida. Esta é a situación que viviron milleiros e milleiros de republicanos durante a posguerra española e, no medio de todos eles, como non, estaba Lorenzo Varela.


En Bos Aires, destino do noso protagonista, a terriña tirou de vez e foron numerosos os poemas e artigos desta época os que foron saíndo do prelo. Xa dende as páxinas de Galicia Emigrante, revista dirixida por Luís Seoane, ou a través dos seus poemarios, o creador tivo sempre moi presente a historia do seu país e, coa estupenda escusa dos seus textos líricos, podemos estudar dun xeito máis ameno as figuras de María Pita, María Balteira, Rui Xordo ou o bispo Adalímpio, presentes todos eles na memoria colectiva.

Tamén soubemos do triste final que lle tocou vivir. Unha vez retornado a Galicia, alá polo ano 1977, sofre un dos castigos más severos que pode encaixar un escritor: o esquecemento.

Ancorada a nosa Galicia nunha brétema de descoñecemento e agochamento cultural ao longo de corenta anos de dictadura, a xente foi coutada de saber quen eran os escritores que destacaron durante o periodo da II República ou durante a súa estancia no exilio.

Un ano despois deste triste encontro coa súa patria, Lorenzo Varela morre dun infarto, ao noso modo de ver, producido pola senlleira tristeza de saberse ignorado entre as persoas polas que tanto traballou e loitou.

Esa débeda histórica está saldada, Lorenzo. Dixo xa nos encargamos os nenos de Galicia e os de 2º da ESO do colexio don Bosco en particular. In memoriam, amigo.





CLASES  
DIVERTIDAS

ESPECIALISTAS  
EN IDIOMAS  
INGLES y FRANCES

Pi y Margall, 70  
36202 VIGO  
Teléf. y Fax: 986 230 845  
e-mail: [classtime@ole.com](mailto:classtime@ole.com)

# INGLES DESDE LOS 3 AÑOS



• SINCE 1994 •

Recuperaciones  
Verano 2005

- Gallego
  - L. Española
  - Inglés
- (E.S.O. Y BACHILLERATO)



Winter-course  
CURSO DE INVIERNO  
Curso de inglés para niños y adultos,  
que se desarrolla durante todo el  
curso escolar, de Octubre a Junio.



Trinity  
EXAMINADOR  
OFICIAL



Help-time  
CURSO DE REFUERZO  
Especialmente indicado para aquellos  
alumnos que necesitan refuerzo escolar,  
deberes, preparación de exámenes, etc.

# caixanova



Por xxxxxxxx



## PASOS QUE PODEN AXUDAR

### 1. APRENDA A ESCOITAR REALMENTE AO SEU FILLO:

- ✖ Por nas súas propias palabras os comentarios do seu fillo, para facerlle ver que lle entendeu
- ✖ Observe a súa cara e a linguaxe do seu corpo

### 2. AYÚDELE A QUE SE SIENTA BIEN CONSIGO MISMO:

- ✖ Estimule os éxitos
- ✖ Eloxe o esforzo, non só os logros
- ✖ Axúdelle a marcase metas realistas, obxectivos a curto prazo.
- ✖ No lle compare cos demás.
- ✖ Cando corrixa o seu fillo, critique o feito, non ao seu fillo.
- ✖ Delle responsabilidades
- ✖ Demostrelle que lle quer

### 3. A DESENROLAR VALORES FIRMES E ADECUADOS:

- ✖ Somos modelos: observan e aprenden as súas actitudes cara os demás
- ✖ Expresar o que valora positiva e negativamente, razoando a súa opinión

### 4. A AFRONTAR A PRESIÓN DOS COMPAÑEIROS:

- ✖ Proporcionelle apoio para dicir non.
- ✖ Anticípese ás situacións
- ✖ Valorar a individualidade

### 5. ESTABLEZA NORMAS FAMILIARES QUE LLE AXUDEN A DICIR NON:

- ✖ Límites claros, razonables e, na medida do posible, negociables.

### 6. FOMENTE ACTIVIDADES RECREATIVAS:

- ✖ Potenciar a participación do seu fillo en actividades recreativas, que procuren a súa diversión e desenrollo de intereses positivos.
- ✖ Realizar actividades con eles

### 7. A TOMAR DECISIÓNS:

- ✖ Tomar en consideración todas as opcións
- ✖ Ventaxas e inconvenientes de cada opción
- ✖ Elección

### 8. OUTRAS:

- ✖ Intervención curta: eludir os sermóns, o "eu a túa idade..."
- ✖ Valorar, reforzar
- ✖ Darlle importancia os seus problemas, para el son o más importante
- ✖ Consecuencias positivas ou negativas dos feitos realizados, non ameazas autoincumplidas
- ✖ Perspectiva de futuro adulta, non do adolescente
- ✖ Saber esperar na intervención, valorar se ésta é necesaria
- ✖ Diálogo entre pais e fillos, non de pais a fillos.



# Garden Galicia

cabañas de madera, pérgolas, barbacoas, mesas, sillas, columpios, complementos de jardín



Avda. Ricardo Mella, 159

36330 - Corujo - Vigo

Tel./Fax: 986 462 081

E-mail: [info@gardengalicia.com](mailto:info@gardengalicia.com)



OXFORD  
UNIVERSITY PRESS

DICCIONARIO

OXFORD  
POCKET



ESPAÑOL-INGLÉS / INGLÉS-ESPAÑOL


NIVEL PRINCIPIANTE

Contiene más de 60.000 términos, expresiones y ejemplos, e incluye notas de uso, hojas de estudio y un Mini CD-ROM con miles de entradas y su pronunciación.

DICCIONARIO

OXFORD Study

MÁS DE 1.500.000  
DE EJEMPLARES VENDIDOS



ESPAÑOL-INGLÉS / INGLÉS-ESPAÑOL

NIVEL INTERMEDIO

Con más de 100.000 palabras y locuciones, el Diccionario Oxford Study es un recurso único. Incluye CD-ROM interactivo con la pronunciación de todas las entradas, videos, imágenes, juegos de palabras y ejercicios.

OXFORD  
UNIVERSITY PRESS

Para cualquier información contacte con nosotros en:

Tel.: 981 12 22 99/12 17 99 e-mail: [acoruno@oup.es](mailto:acoruno@oup.es)  
Fax: 981 12 17 03 [www.oup.com/es](http://www.oup.com/es)



FERRETERIA  
ESPECIALISTAS EN BRICOLAGE

Avda. de Castelao, 51

Telf.: 986 209 162 - Fax 986 200 579

36209 COYA - VIGO

Digital  
Vigo s.l.

986 214 008

Fax 986 200 958

Lourido, 21 - Urb. Samil - San Pelayo de Navia 36212 - Vigo



[www.digitalvigo.com](http://www.digitalvigo.com)  
[digitalvigo@digitalvigo.com](mailto:digitalvigo@digitalvigo.com)



KONICA MINOLTA

distribuidor oficial


FOTOCOPIADORAS - EQUIPOS DE OFICINA  
INFORMÁTICA - SERVICIO TÉCNICO PROPIO


as nosas  
fotos






a CURUXA







# PREMIO EDEBÉ 2005



## A ESCOLA DOS PIRATAS


De súpeto, escoitouse un ruído xordo. Un son grave, profundo e prolongado, que conseguiu impoñerse ao estrépito da chuva. Os nenos miráronse entre si, con caras de sorpresa e inquietude...

**AUTOR:** Agustín Fernández Paz

TAMAÑO: 13 X 19,5

ENCADERNACIÓN: rústica

ISBN: 84-96352-10-2



## OS DONOS DO PARAÍSO

A aventura da Conquista. O descubrimento da Historia a través o amor de dous rapaces.

**AUTOR:** Andreu Martín

TAMAÑO: 13 X 20,5

ENCADERNACIÓN: rústica con solapas

ISBN: 84-96352-11-0

